



Concello de Guitiriz

DECRETO CONVOCATORIA MESA CONTRATACIÓN POR LOTES E MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SERVIZO DE ROZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS COMPETENCIA MUNICIPAL. Expte:551/2017

Dona Regina Polín Rodríguez, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Por acordo de XGL de data 23/05/2017 aprobose o expediente de contratación do servizo de roza de cunetas, beiravías e noiros das vías e camiños de competencia municipal para o ano 2017 mediante procedemento negociado sen publicidade.

Nese mesmo acordo aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o devandito contrato.

- Solicitáronse ofertas a cinco empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato cursando as correspondentes invitacións.

- Constan presentadas dúas ofertas e a renuncia dunha empresa para participar no devandito expediente.

Considerando do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei de contratos do sector publico.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar a mesa de contratación para o mércores día 7 de xuño de 2017 as 9:00 horas na Alcaldía para verificar as ofertas presentadas, apertura do Sobre C Documentación non cuantificable automaticamente daqueles licitadores que presentasen completa a documentación do Sobre A. Posteriormente procederá a apertura do sobre B.

SEGUNDO.- A mesa estará constituída segundo se establece na cláusula décima dos pregos de cláusulas administrativa por:

—*Regina Polín Rodríguez* que actuará como presidente da mesa.

—*Antía Pena Dorado*, vogal (Secretaria Xeral da corporación ou quen legalmente a substitúa)

—*Juan Antonio Rey Rivas*, vogal (Interventor da corporación ou quen legalmente o substitúa).

—*Jose Cornide Río*, técnico de medio ambiente ,vogal.

—*Carlos Plácido Buján López*,vogal, concelleiro de medio ambiente

—*Eva Losada Rivas*, que actuará como secretario da mesa.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

TERCEIRO: Publicar a devandita convocatoria no Perfil do Contratante.

CUARTO: Notificar a presente resolución ao/s interesado/s, comunicala aos servizos municipais afectados, e dar conta da mesma na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

Regina Polín Rodríguez

A secretaria (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)

Antia Pena Dorado